

CC.OO, CSIF e UGT asinan coa Comunidade de Madrid limitar o dereito de folga



TANTO PARA PERSOAL FUNCIONARIO COMO PARA PERSOAL LABORAL

O Acordo do persoal funcionario e o Convenio Colectivo do persoal laboral da Comunidade de Madrid publicados no BOCM o 23/12/2024 inclúe o seguinte texto:

Las organizaciones sindicales que suscriben el presente acuerdo se comprometen a no promover durante toda su vigencia, directamente o a través de una de sus federaciones o sindicatos asociados, de sus secciones sindicales o de los órganos de representación unitaria en los que, individual o conjuntamente, ostenten la mayoría de miembros, huelgas, concentraciones, manifestaciones, campañas o cualquier otra medida de conflicto colectivo que tengan como finalidad o como efecto, directos o indirectos, la modificación de lo acordado, de conformidad todo ello con el principio de buena fe negocial.

De producirse un incumplimiento de lo anterior, y tras la exposición ante la comisión de seguimiento de los hechos en que se haya concretado el mismo, la Administración podrá acordar la suspensión de la implantación de la carrera profesional horizontal, incluida la interrupción de sus efectos retributivos, en tanto se mantenga aquél.

Non só se autolimitan a si mesmos, senón que extenden esa limitación aos órganos de representación do persoal empregado público trasladando ao conxunto dos empregados públicos as consecuencias de exercer os seus dereitos fundamentais recollidos no artigo 28 da CE.

Artigo 28 2. *Recoñécese o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses.*

Os dirixentes políticos da Comunidade de Madrid e os sindicatos asinantes do acordo do persoal funcionario desa comunidade e os sindicatos asinantes do Convenio Colectivo do persoal laboral desa comunidade (que son os mesmos) crenze coa capacidade para coartar un dereito fundamental asinando e publicando uns acordos que limitan o dereito de folga.

O acordo inclúe tamén a limitación das concentracións, manifestacións, campañas ou calquera outra medida de conflito colectivo. Para non deixar ningún cabo solto nas posibilidades de defensa das persoas traballadoras.

Que uns dirixentes políticos como os que gobernan na Comunidade de Madrid intenten impoñer a súa visión das relacións laborais como unha entrega total das traballadoras e traballadores ao capital, non é extraño.

Máis lamentable é que “organizacións sindicais” como CC.OO, UGT e CSIF acepten e asuman esta entrega total de calquera ferramenta de defensa dos intereses da clase traballadora. A verdade é que non desentona co seu xeito de entender as relacións laborais, a organización da clase traballadora e a acción sindical e colectiva. O que si é un paso máis na tendencia entreguista e desmobilizadora que seguen hai anos. Pasan de realizar un sindicalismo de concertación e despacho a asumir unha autolimitación no exercicio das ferramentas de defensa dos intereses da clase traballadora. Co agravante de que trasladan esta limitación aos órganos de representación do persoal empregado público, o que indica o valor que lle dan estas organizacións á representación directa exercida polas persoas traballadoras nas eleccións sindicais.

E ademais cargan no conxunto das persoas empregadas públicas as consecuencias de exercer eses dereitos. Teñen a indecencia/desvergoña/ousadía de asinar acordos que inclúen a posibilidade de que la Administración podrá acordar la suspensión de la implantación de la carrera profesional horizontal, incluida la interrupción de sus efectos retributivos.

